



Gesgando, unha ferramenta máis de traballo para os servizos de podoloxía

Presentamos Gesgando, un programa informático de Seragro que iniciamos hai xa oito anos e que foi incorporado ao noso Servizo de Podoloxía co fin de obter unha perspectiva diferente das patoloxías podais, o que nos permite non só curar senón prever as coxeiras mediante unha exhaustiva recollida de datos e o seu posterior tratamento.

Manuel J. Vidal Barrera
Podólogo de Seragro S. Coop. Galega

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Nos últimos anos estáselles a conceder unha grande importancia á recollida e á análise dos datos que ofrecen as granxas de

vacún leiteiro. De feito, os últimos encontros gandeiros falan fundamentalmente da explotación e do aproveitamento desa mina de información que son os datos. Este traballo de recollida e de análise de información, sobre todo técnica, é algo polo que Seragro apostou dende que comezou a dar os seus

primeiros pasos no campo, sen ser unha excepción nesta aposta o servizo de podoloxía. Nun primeiro lugar, a recollida dos datos facíase de xeito manual nunhas follas de establo que, co paso do tempo e coa acumulación dun gran volume, facía imposible o seu estudo dunha maneira sinxela e eficiente, por non falar da elaboración de informes individuais ou das comparativas colectivas.

Precisamente, ese afán por ser eficientes tanto na recollida coma no tratamento dos datos foi o que nos levou a incorporar o programa informático de Seragro (Gesgando) ao módulo de podoloxía, co cal comezamos a traballar no ano 2011. Neste apartado recollemos as accións e os tratamentos realizados a cada animal que pasa polo poldro, de xeito que esta información queda ligada ao número de crotal, o cal, xunto cos datos introducidos nos módulos de reprodución, de calidade do leite ou o seu cruzamento cos datos de Conafe e Control Leiteiro, consegue crear un mapa completo do animal na granxa, sabendo así a idade, o número de lactación, produción etc., ademais do histórico en canto á saúde podal do animal en cuestión.

Non obstante, o máis relevante non é a información individual de cada animal no momento de facer un tratamento ou unha revisión, senón que, grazas ao estudo dos datos globais da granxa, xunto coa comparativa da totalidade, é posible obter unha perspectiva diferente das patoloxías podais, o que lle permite ao noso servizo non só facer unha acción curativa senón buscalles solucións preventivas ás coxeiras mediante o estudo dos datos.

Este avance foi posible porque, pouco a pouco, nos damos de conta de que mirar unicamente para as vacas coxas non é suficiente: debemos analizar que patoloxías son as máis frecuentes na explotación e prever os problemas con manexo.


A ANÁLISE DUNHA GRANXA

A continuación someteremos a estudo unha das granxas do Servizo de Podoloxía para poder visualizar todo o potencial que nos ofrecen os datos recollidos no noso traballo diario.

Unha das primeiras preocupacións é saber cal é o alcance das incidencias, é dicir, que porcentaxe das patas revisadas ao longo do ano presentan unha patoloxía e tiveron que ser tratadas. Este dato é especialmente relevante, xa que unha vaca cunha patoloxía debe ser tratada, co seu conseguente gasto, que, como sabemos, vai moito máis alá do custo do técnico, xa que unha vaca coxa é un animal que presenta dor ao camiñar, ao que lle será máis complicado desprazarse ata o comedero e que mostrará unha baixada de produción como consecuencia da súa condición. Na ilustración 1 vemos a evolución que amosaron as patoloxías na granxa exemplo durante os últimos cinco anos.

Por unha banda, podemos ver a través das barras o número de vacas revisadas no programa periódico de recorte funcional (barras azuis) e as

Ilustración 1. Evolución das incidencias na granxa exemplo



► DEBEMOS ANALIZAR QUE PATOLOXÍAS SON AS MÁIS FRECUENTES NA EXPLOTACIÓN E PREVER OS PROBLEMAS CON MANEXO

vacas que entraron no poldro fóra do programa nunha visita de urxencia con motivo dunha coxeira (barras grises); pola outra, a liña azul representa a porcentaxe de incidencias recollidas en cada ano; aquí é impor-

tante sinalar que cada animal pode recoller ata oito incidencias, unha por cada dedo de cada pata. Precisamente por este motivo inclúese a liña gris que representa a porcentaxe de vacas coxas tratadas en cada ano. ►►

Pendislide & Penditwist Basic

NUEVO APLICADOR DE PURIN

Sistema de rampas económico

Disponible en 6 y 7,5 m de ancho

Adaptación posible en otras máquinas

Distribuidor visibles aquí : www.joskin.com/dealers



Más información : info@joskin.com



JOSKIN
joskin.com

Como podemos observar, o ano 2015 marca un punto de inflexión na incidencia de patoloxías, coincidindo co cambio da revisión periódica anual a semestral, co cal se consegue unha clara redución na porcentaxe de incidencias e, por tanto, no número de vacas coxas.

Non obstante, non só nos debemos quedar co dato individual, senón que hai que analizar os resultados do noso arredor, pois indicaranos se temos moito camiño que percorrer para mellorar a saúde podal das nosas vacas ou se os cambios que necesitamos facer son mínimos, posto que o noso resultado xa é bo ou está entre os mellores.

Isto último está representado na ilustración 2, na cal podemos ver nun primeiro lugar a porcentaxe de vacas coxas do ano 2017 da granxa exemplo en comparativa coa media da súa zona, o 25 % dos mellores resultados e dos peores resultados do ano e a mesma comparativa para a porcentaxe de incidencias.

Podemos extraer que tanto no dato de incidencias coma no de vacas coxas a granxa exemplo se atopa por debaixo da media, o que evidentemente é algo positivo, pero aínda así está ás portas do grupo dos 25 % mellores resultados, o que quere dicir que aínda hai cousas susceptibles de mellora.

Con todo, para mellorar o primeiro que debemos saber é a que nos enfrontamos e cal é a fonte principal dos nosos problemas, e para iso debemos saber cales son as principais lesións na nosa explotación.

Ilustración 3. Lesións na granxa exemplo, ano 2017





Ilustración 2. Comparación coas granxas do noso arredor, ano 2017



► PARA MELLORAR O PRIMEIRO QUE DEBEMOS SABER É A QUE NOS ENFRONTAMOS E CAL É A FONTE PRINCIPAL DOS NÓSOS PROBLEMAS

Tal e como podemos observar na ilustración 3, no caso da granxa exemplo e durante o ano 2017 a principal fonte de incidencias son as úlceras, as separacións e os hematomas, tres lesións que representan o 81,60 % das incidencias totais da granxa. Todas elas son lesións de casco provocadas polo efecto das instalacións e a falta dun manexo correcto dos espazos do establo.

No caso da granxa exemplo, as instalacións non presentan o mellor tipo de cama que garanta un correcto

descanso dos animais, as camas son de colchón con algo de material para que se manteñan secas e limpas, pero este material non proporciona un recheo confortable. Ademais, a cama branda de colchón provoca un sobrecrecemento do pezuño, especialmente na zona 4, o que, como consecuencia do aumento de presión na zona, favorece a aparición do hematoma que, co tempo, se converterá nunha úlcera; este punto feble da instalación podería paliarse facendo o recorte funcional cada catro meses. ►►



GRUPO AGROAMB

SENTIDO DA RECICLAXE

VANTAXES

- ✓ Melloran a estrutura do solo, drenaxe, retención de auga e aireación, proporcionando un mellor ambiente de enraizamento das plantas.
- ✓ Posúen calidades de liberación de nutrientes lenta. O material continúa a súa descomposición dentro do solo, reducindo a cantidade de nitróxeno e fosfato que pode orixinarse cos fertilizantes químicos.
- ✓ Melloran a capacidade de traballo dos chans, especialmente arxilosos pesados.
- ✓ Melloran a retención de auga nos solos lixeiros.
- ✓ Melloran a resistencia á compactación do solo e á erosión.
- ✓ Reducen a necesidade de fertilizantes artificiais.
- ✓ Regulan o pH do solo, ao achegar cal.

PRODUTOS FERTILIZANTES

O seu contido en materia orgánica, nitróxeno e fósforo fanos especialmente atractivos para a elaboración de fertilizante no sector agroforestal. Entre as súas variadas vantaxes hai que destacar que melloran a estrutura do solo, o seu grao de porosidade e a capacidade de retención de auga debido fundamentalmente á achega de materia orgánica. Ademais, proporciónalle ao solo nitróxeno, fósforo e potasio de liberación lenta, e, ao achegar cal, permite regular o pH do solo. AGROAMB ten inscritos os diferentes produtos fertilizantes que elabora no Rexistro de Produtos Fertilizantes do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

FERTILIZANTES AUTORIZADOS

CÓDIGO	TIPO	NOME COMERCIAL
F0001757/2022	Fertilizante orgánico NPK de orixe animal e vexetal	AGROTHAME ORGANITE START
F0001894/2022	Emenda orgánica compost	AGROTHAME ORGANITE COMPOST
F0001895/2022	Emenda orgánica compost	AGROTHAME ORGANITE COMPOST START
F0001896/2022	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMICO START
F0001897/2022	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMICO
F0001919/2023	Fertilizante órgano-mineral nitrogenado líquido	AGROTHAME ORGANITE N-LIQ
F0001925/2023	Fertilizante órgano-mineral NK líquido	AGROTHAME ORGANITE PURINE
F0001926/2023	Fertilizante órgano-mineral NP líquido	AGROTHAME ORGANITE LIQUID
F0001980/2023	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMICO ZEN
F0002420/2025	Fertilizante órgano-mineral NPK	AGROTHAME ORGANITE AGRO
F0002421/2025	Fertilizante órgano-mineral NPK	AGROTHAME ORGANITE SULFAGRO
F0002422/2025	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMOST



AGROAMB

Ponte de Outeiro, 10 | 27256 Castro de Rei (Lugo)

Teléfono (+34) 982 231 365 | Fax (+34) 982 240 534

E-mail agroamb@agroamb.com | Web www.agroamb.com

Ilustración 4. Lesións infecto-contaxiosas

Patoloxía	Granxa exemplo	25 % dos mellores	Media	25 % dos peores
Der. dixit.	7,20 %	6,27 %	19,17 %	28,93 %
Der. inter.	3,20 %	0,00 %	4,39 %	5,13 %
Panadizo	5,60 %	0,00 %	1,93 %	3,15 %

► UNHA VACA COXA É UN ANIMAL QUE PRESENTA DOR AO CAMIÑAR, AO QUE LLE SERÁ MÁIS COMPLICADO DESPAZARSE ATA O COMEDEIRO E QUE MOSTRARÁ UNHA BAIXADA DE PRODUCCIÓN COMO CONSECUENCIA DA SÚA CONDICIÓ

Así mesmo, trátase dunha explotación que traballa de xeito habitual con sobrepoboacións ao redor dun 130 % en cornadiza e dun 110 % en cubículos, o que prexudica o descanso dos animais e fai que a proliferación de lesións de casco, como as úlceras ou separacións, sexa maior que nunha explotación onde se respectan os espazos de maneira máis rigorosa.

A través da análise dos datos tanto individuais coma do conxunto da zona, non só vemos os puntos negativos da granxa senón que tamén somos capaces de ver que estamos a facer ben na nosa explotación. Se nos fixamos agora nas lesións de tipo infecto-contaxioso (representadas na ilustración 4) podemos observar que a dermatite (tanto dixital coma interdixital) é unha patoloxía controlada pola granxa exemplo que conta cunha estrita rutina de baño de pezuños semanal.

Non obstante, a incidencia de panadizos durante 2017 é superior á media, mesmo se sitúa no 25 % dos peores datos, debido en gran medida ao manexo das secas que durante todo o ano se atopan fóra das instalacións da granxa. Isto non representa un problema no tempo estival, pero si o é no inverno, cando, por motivo das chuvias, a zona queda completamente enlamada e se converte nun perfecto caldo de cultivo para o contaxio do panadizo.

CONCLUSIÓNS

Este é un pequeno exemplo do que nos axudan a ver os datos sobre o manexo da saúde podal nunha explotación. No caso da granxa exemplo podemos observar como a rutina de baños funciona se comparamos os resultados obtidos cos datos do resto das granxas da zona (79). Tamén podemos detectar como a sobrepoboación e o tipo de camas provocan unha serie de lesións de casco pero que coa correcta identificación do problema podemos buscarlle a solución máis axeitada.

É fundamental que procuremos as preguntas e as respostas nos datos, xa que desta maneira poderemos erradicar o problema que nos fai perder cartos tanto directa como indirectamente.

Este tipo de análises vannos permitir tomar decisións de cambios de manexo ou de mellora das instalacións baseándonos en datos reais e comparándonos con explotacións do noso arredor e en moitos casos aprendendo dos acertos doutras granxas que conseguen bos resultados cun manexo determinado.

Dende o Servizo de Podoloxía de Seragro somos conscientes da necesidade cada vez maior do gandeiro de coñecer a súa problemática individual e é por isto que levamos tantos anos traballando cun ordenador ao lado como unha ferramenta máis do noso día a día. ■